

# “Día da Ciencia en galego en 4º de Primaria”



Concurso de traballo por proxectos. Modalidade 2c

CEIP QUINTELA (MOAÑA)

Curso 2016-2017

| ÍNDICE                                                                  | Páxina |
|-------------------------------------------------------------------------|--------|
| 1.Introdución.....                                                      | 3      |
| 1.1. Xustificación .....                                                | 3      |
| 1.2.Planificación .....                                                 | 3      |
| 1.2.1. Contidos curriculares .....                                      | 4      |
| 1.2.2. Criterios de avaliación.....                                     | 6      |
| 1.2.3. Competencias clave .....                                         | 7      |
| 1.2.4. Calendario .....                                                 | 7      |
| 1.2.5. Profesorado participante .....                                   | 7      |
| 1.2.6. Organización para a súa realización .....                        | 7      |
| 2. Obxecto e temática da investigación.....                             | 7      |
| 3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta..... | 7      |
| 4. Relación de tarefas máis importantes realizadas polo alumnado.....   | 12     |
| 5. Recursos empregados e enumeración de fontes consultadas .....        | 12     |
| 6. Implicación da comunidade educativa .....                            | 13     |
| 7. Función e participación da biblioteca escolar .....                  | 13     |

## 1. Introducción

O CEIP Quintela de Moaña é un centro de 9 unidades, 3 de Ed. Infantil e 6 de Primaria que contou con 176 alumnos e alumnas no curso 2016-2017 e rexistra un notable incremento de matrícula para o vindeiro curso. Integrado no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares desde o curso 2007-2008, conta cun equipo de biblioteca estable e moi activo, no que están representados os diferentes niveis educativos, o equipo directivo o equipo TIC e o EDLG. Desde esta estrutura organizativa coordínanse, para todos os niveis educativos do centro, propostas, actuacións e dinámicas relacionadas coa mellora das competencias clave. A mellora da competencia lingüística en lingua galega sobre todo a nivel oral é un dos obxectivos prioritarios destes equipos de dinamización, dada a situación sociolingüística do noso alumnado.



A biblioteca escolar adoptou un papel fundamental na mellora da práctica educativa do centro, tanto como centro de recursos e documentación inicialmente, como impulsora da educación Alfabetización Mediática e Informacional (AMI) e dinamizadora do traballo por competencias e proxectos finalmente.

### 1.1. Xustificación

A LOMCE establece na configuración curricular e na distribución horaria da Educación Primaria unha materia de libre configuración. O CEIP Quintela desenvolveu no curso 2016-2017 a programación da materia “Aprender a investigar”, en 4º e 6º de Primaria, segundo a programación elaborada por Isabel Vázquez Rosales, titora de 4º curso do noso centro, e Olga Rodríguez Díaz do CEIP Milladoiro de Malpica e co asesoramento de Cristina Novoa Fernández, asesora de Bibliotecas Escolares da CCEOU

O proxecto que relataremos ao longo deste documento comeza a desenvolverse nesta materia “Aprender a investigar” e enmárcase no enfoque de aprendizaxe por proxectos, formando parte das tarefas de educación AMI.

O Día da Ciencia en galego ven sendo unha celebración asentada no noso centro nos últimos cursos, formando parte dos proxectos anuais dos equipos de Biblioteca escolar e de Dinamización da Lingua Galega. Este foi o motivo de que estes equipos achegasen ao grupo de 4º curso de Primaria a petición de preparar a celebración do Día da Ciencia en galego para todo o alumnado da escola. A materia de “Aprender a investigar” resulta o marco ideal para acoller esta proposta e convertela nun proxecto integrado que permita desenvolver actuacións moi significativas para o alumnado e con implicación emocional moi forte.

### 1.2. Planificación

Cando o alumnado de 4º curso recibiu esta proposta respondeu con ilusión e compromiso ante a responsabilidade que implicaba ser os protagonistas dunha celebración da escola, motivados en grande medida polo atractivo da actividade científica no seu plano experimental.

Comezouse a desenvolver na hora semanal da materia “Aprender a Investigar” e dado o carácter interdisciplinar do proxecto foi medrando dentro do horario de Lingua Galega, Ciencias Naturais, Matemáticas, Plástica etc.

### **1.2.1.Contidos curriculares**

O Proxecto “Día da Ciencia ” aborda contidos de diferentes materias curriculares :

#### **“Aprender a investigar”**

*Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.*

*B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.*

*B1.3. Recoñecer e diferenciar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos*

*Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección.*

*B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.*

*B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.*

*B2.10.Avaliar a información recollida*

*Bloque 3. Organizarse para investigar.*

*B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas,*

*Bloque 4. Procura e tratamento da información*

*B4. 2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía.*

*B4. 3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios*

*B4. 4 Extraer a información precisa en función dos obxectivos do traballo*

*Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación*

*B5.3. Estructurar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.*

*B5. 5. Coñecer e aplicar as pautas para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.*

*B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes.*

*B5. 7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado*

#### **Ciencias da Natureza:**

*Bloque 1.Iniciación á actividade científica*

*B1.1. Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.*

*B1.2. Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.*

*B1.3. Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca da información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos.*

*Bloque 4. Materia e Enerxía*

*B4.10. Realización de experimentos con mesturas.*

*B4.11. Identificación dos compoñentes dunha mestura.*

#### **Lingua Galega**

### *Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar*

*B1.3. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates).*

*B1.6. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e uso de nexos básicos.*

### *Bloque 2. Composición escrita: ler*

*B2.3. Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descrições, instrucións e explicacións).*

*B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter informacións relevantes para realizar as súas tarefas.*

### *Bloque 3. Composición escrita: escribir*

*B3.4. Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións).*

*B3.5. Creación de textos sinxelos utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios.*

## **Área de Matemáticas**

### *Bloque 5: Estatística e probabilidade.*

*B5.1. Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.*

*B5.2. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas.*

## **Area de Educación artística**

*B1.2. Elaboración de carteis con diversa información aplicando os coñecementos plásticos adquiridos.*

*B1.12. Observación de elementos para estudo de escalas e proporcións.*

*B2.18. Interese por axustar o proceso creativo ás intencións previstas, mediante bosqueños ou deseños.*

### **1.2.2. Criterios de avaliación**

## **Aprender a investigar**

### *Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.*

*B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.*

*B1.3. Recoñecer e diferenciar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos*

### *Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección.*

*B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado*

*B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de internet.*

*B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes.*

### *Bloque 3. Organizarse para investigar.*

*B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.*

### *Bloque 4. Procura e tratamento da información*

*B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía previamente seleccionados polo profesorado.*

*B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, caducidade, inmediatez, etc.*

*B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.*

#### *Bloque 5. Xeración de contidos e comunicación*

*B5.3. Estructurar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.*

*B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.*

*B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes. .*

*B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.*

### **Ciencias da Natureza**

#### *Bloque 1. Iniciación á actividade científica*

*B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.*

#### *Bloque 4. Materia e enerxía.*

*B4.3. Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados.*

### **Lingua Galega**

*B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variado.*

*B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas.*

*B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.*

*B3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.*

### **Área e Matemáticas**

*B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.*

*B5.2. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.*

### **Area de Educación artística**

*B1.4. Interpretar o contido das imaxes e das representacións do espazo presentes no contexto, identificando as posicións dos elementos plásticos no espazo.*

*B2.4. Utilizar recursos bibliográficos, dos medios de comunicación e da internet para obter información que lle sirva para planificar e organizar os procesos creativos, así como para coñecer e intercambiar informacións con outro alumnado.*

### **1.2.3. Competencias clave**

#### **Competencia en comunicación lingüística ( CCL)**

*Utilízase a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, expresando, vivencias e opinións.*

*Refórzanse as habilidades de buscar, recompilar e transmitir información.*

#### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

*Trabállanse procesos de pensamento como a indución e dedución, así como a interpretación de datos.*

*Identifícanse preguntas e problemas para obter conclusións.*

#### Competencia dixital (CD).

*Trabállase a procura, selección e tratamento da información obtida.*

*Empréganse as novas tecnoloxías como ferramenta de comunicación.*

#### Competencias sociais e cívicas (CSC).

*Trátase de comprender a realidade, desenvolverse socialmente.*

*Foméntanse os traballos colaborativos.*

*Estimúlase a creación dunha conciencia crítica e solidaria.*

#### Conciencia e expresións culturais (CCEC).

*Estimúlase a imaxinación e a creatividade a través de diferentes creacións.*

#### Aprender a aprender (CAA).

*Foméntase o desenrolo da capacidade de aprender de xeito cada vez máis autónomo.*

*Desenvólvense as habilidades para obter información e transformala en coñecemento.*

#### Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

*Estimúlase a capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar, planificar e levar a cabo proxectos.*

### **1.2.4. Calendario**

O proxecto desenvolveuse no mes de outubro e tivo como resultado final a presentación da selección de experimentos e o relatorio sobre Cruz Gallástegui na semana do Día da Ciencia en Galego, o 4 de novembro de 2016.

### **1.2.5. Profesorado participante**

O proxecto desenvolveuse na aula de 4º de Primaria baixo a dirección da súa titora, Isabel Vázquez Rosales. Contou coa colaboración do profesorado do centro na organización dos grupos de alumnado asistente ás diferentes sesións na xornada de celebración do Día da Ciencia, e co equipo de biblioteca para ampliar os fondos relativos á ciencia.

### **1.2.6. Organización para a súa realización**

Para desenvolver o proxecto deseñamos unha programación dentro das áreas implicadas, que se irá desenvolvendo ao longo de catro semanas.

## **2. Obxecto e temática da investigación**

A temática do proxecto como se ven relatando é a referida aos experimentos científicos e a biografía do [científico homenaxeado](#) no 2016 pola [Academia Galega das Ciencias](#) (RAGC), Cruz Gallástegui Unamuno.

## **3. Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta**

Unha vez recibida a proposta o grupo decidiu e acordou en varias asembleas o proceso que seguirían. Deste xeito pasaron por varias etapas desde a organización ata a presentación do resultado final. O proceso de traballo foi como segue:

### 3.1. Organización:

Na asemblea de clase discutiuse e redactouse un gui3n coas tarefas a realizar. Acordouse traballar en parellas, para facer m3is din3micas as actividades e facilitar a distribuci3n de funci3ns.

As3, tras elaborar unha listaxe con todas as tarefas que ti3an por diante e despois de acordar os agrupamentos comezou o traballo de investigaci3n. A continuaci3n expo3nemos a modo de exemplo algunhas das sesi3ns de traballo desenvolvidas:

#### 2ª sesi3n:

Repasaron e puxeron en pr3ctica os co3necementos adquiridos sobre a CDU e a formaci3n de usuarios. Para elo utilizaron copias plastificadas de CDU que puxo a súa disposici3n a BE. Na biblioteca escolar buscaron informaci3n sobre experimentos f3ciles de realizar e de explicar, tendo en conta que deb3an mostrarllos a todo o alumnado, dende 4º de Infantil a 6º de Primaria.

Tam3n localizaron experimentos na rede, en p3xinas previamente seleccionadas pola titora, e enlazadas no blog de 3º e 4º curso.



#### 3ª sesi3n

Unha vez recollida a informaci3n, cada parella seleccionou un experimento a desenvolver. Entreg3moslle unha ficha onde anotaron o nome do experimento, o material utilizado, o impacto visual e o resultado final ( funcionou? )

Ao longo das d3as semanas seguintes realizaron e avaliaron na clase os experimentos para seleccionar os m3is apropiados, segundo os criterios establecidos. Quedaron seleccionados un total de 10 experimentos, uns m3is sinxelos e outros que precisan de co3necementos previos para comprendelos. Cada experimento foi presentado 3 clase por unha parella de nenos e nenas.



#### 4ª sesi3n.

Na asemblea de clase decidiuse dese3ar d3as actuaci3ns con diferentes experiencias, unha para Ed. Infantil, 1º e 2º de Primaria, e outra para 3º, 5º e 6º de Primaria.

Organizaron os grupos , e prepararon os textos orais para presentar e explicar as experiencias. Esta foi unha tarefa da 3rea de Lingua Galega, polo que tanto o borrador como o escrito final quedaron recollidos nos cadernos de Lingua Galega e revis3ronse e compart3ronse no tempo dedicado a esta materia.

En sucesivas sesi3ns redactaron a biograf3a Cruz Gall3stegui Unamuno, cient3fico fundador da Mis3n biol3gica de Galicia, e con eses datos fixeron unha presentaci3n de diapositivas na que non esqueceron citar as fontes consultadas. Esta actividade desenvolveuse durante a hora semanal de “Aprender a investigar”.

Atopamos unha dificultade: non tiñamos imaxes do científico con licenza de uso para incorporar á presentación de diapositivas. Decidimos entón que cada alumno/a fixera un retrato del a partir da proxección dunha fotografía. Previamente traballamos o retrato, observando as proporcións das distintas partes do rostro, para buscar unha certa harmonía no produto final.



### 3.2. Busca de información:

Busca de información sobre experimentos doados na biblioteca escolar, tanto nos seus fondos como na rede. Axudados polas súas tarxetas da CDU e organizados por equipos, a proposta consistiu en localizar fondos de diferentes temas. Unha vez atopados os libros, nun primeiro momento marcaron con pos-it aquelas páxinas que puideran interesarlles, co obxectivo de facer unha segunda selección, demorándose na lectura e buscando que se adaptaran ás súas necesidades.

Na aula TIC recordámoslle as normas básicas para a busca de información na rede:

- *Os autores/as deben figurar en lugar visible*
- *A finalidade clara*
- *Vínculos activos e fiables*
- *Actualizada*
- *Publicidade ? Non*



Tamén buscan imaxes coas diferentes licenzas de uso.

### 3.3. Experimentación

A natureza científica deste proxecto obrigou a experimentación con distintos materiais, seguindo instrucións diferentes en cada caso, obrigou tamén a unha lectura comprensiva de gran calidade e validez, xa que a comprensión con profundidade ía ser a que levara a executar os experimentos con máis probabilidade de éxito. Esta comprensión significativa tiña que ser a que axudara tamén á toma de decisións sobre a idoneidade de cada experimento para presentarllo a todo o alumnado do centro.

### 3.4. Xeración de contidos

Os contidos xerados neste caso son a selección de experimentos creada, xunto cos textos producidos que serviron como guía para as exposicións orais diante dos compañeiros e compañeiras do centro. Non foi unha tarefa simple, xa que debían producir textos adaptados ás distintas idades a quen se ían dirixir.

Outro dos contidos xerado foron as presentacións dixitais sobre o científico investigado, Cruz Gallástegui. Organizados os grupos, e preparados os textos orais para presentar e explicar as experiencias, quedaba aínda planificar as postas en escena das presentacións. Esta foi unha tarefa da área de Lingua Galega, polo tanto o borrador como o escrito final quedou recollido nos cadernos de Lingua Galega e revisouse no tempo dedicado a esta materia.

Nos días previos á celebración, deseñaron carteis ilustrados coa información sobre a celebración ( horario, quendas, nome dos experimentos ) que distribuíron nas entradas do colexio.




Esta é unha actividade incluída nas programacións do centro para a mellora das competencias lingüística. Todos os carteis divulgativos dos eventos da escola son elaborados polo alumnado seguindo unha planificación anual. Neste caso os carteis do Día da Ciencia correspondeulle elaboralos ao alumnado de 4º, xa que dispuxo de información de primeira man sobre o programa.

O Día da Ciencia 2016 estivo dedicado á Bioloxía como tema e a Cruz Gallástegui como científico. Para aprender un pouco mais sobre a Bioloxía e os seres vivos, acudimos á nai dunha alumna, que é bióloga. Xuntas, nai e filla, prepararon unha presentación para afondar un pouco mais no tema.

O alumnado de 4º curso buscou información sobre o científico homenaxeado [para redactar a súa biografía](#) que quedou recollida e revisada unha vez mais nos cadernos de Lingua Galega.

Con todos os datos recompilados deseñaron, organizados por parellas, unha presentación de diapositivas na que non esqueceron citar as fontes consultadas.






Esta tarefa comezouse na biblioteca e rematouse na aula TIC durante a hora semanal de “Aprender a investigar”. Como non atopamos imaxes con licenza da uso, optamos por facer retratos dela a partir dunha fotografía, tal como mencionamos anteriormente.

### 3.5. Comunicación

O Día da Ciencia en galego o alumnado de 4º de Primaria foi o protagonista: na biblioteca escolar, e ao longo de toda a mañá, amosaron a súa presentación dixital sobre a bioloxía e Cruz Gallástegui e mostraron e explicaron os experimentos aos seus compañeiros, segundo o guiión elaborado.



Xa que non podemos deixar a competencia matemática fora do proxecto, nos días posteriores á celebración prepararon os items e realizaron unha enquisa a todo o alumnado do cole sobre os experimentos, para cuantificar cales foron os que máis gustaron, e utilizando unha ferramenta dixital de uso sinxelo (ChartGo), crearon uns diagramas de barras para reflectir o resultado.



## 4. Relación de tarefas máis importantes realizadas polo alumnado

Entre outras, o alumnado foi quen de levar a cabo as seguintes tarefas:

- Revisar e poñer en práctica os coñecementos adquiridos sobre a CDU.
- Buscar información para elixir os experimentos.
- Facer listaxes do material preciso para cada experimento.
- Preparar experimentos para facer diante do resto do alumnado.
- Seleccionar os experimentos máis adecuados para cada idade.
- Deseñar e facer os carteis para dar publicidade no centro á celebración do Día da Ciencia en galego.
- Elaborar retratos a partir dunha fotografía.
- Programar e deseñar as sesións coas presentacións dos experimentos e o relatorio do científico homenaxeado.
- Redactar os textos para desenvolver as exposicións orais.
- Redactar unha biografía sobre o científico a quen está dedicado o Día da Ciencia 2016, e un texto explicativo sobre o que é a bioloxía e converter ambos textos en presentación dixital.
- Elaboración da enquisa para a recollida de datos sobre as preferencias do alumnado sobre cada un dos experimentos desenvolvidos.
- Estudo estatístico e conversión dos datos en diagramas de barras.
- Redactar textos para informar no blog de ciclo de todo o proceso.

## 5. Recursos empregados e enumeración de fontes consultadas

Para informar á comunidade educativa do proceso utilizamos o blog de ciclo, etiquetando as entradas con “Proxecto Día da Ciencia 2016”:

### [Proxecto Día da Ciencia 2016](#)

Para a investigación e localización dos diferentes experimentos acudimos aos fondos da biblioteca escolar, no apartado correspondente da CDU:



Tamén utilizaron varias páxinas previamente seleccionadas polo profesorado.

<http://www.xn--experimentosparanios-l7b.org/category/experimentos-faciles/>

<http://www.experiencia.com/tag/experimentos-para-ninos-de-3-a-6-anos/>

<https://www.guiainfantil.com/galerias/actividades-para-ninos/7-experimentos-con-agua-para-hacer-con-ninos/>

<http://www.quo.es/ciencia/10-experimentos-cientificos-que-puedes-hacer-con-tus-hijos>  
<https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo/recurso/experimentos-caseros-para-nios-experimentos/b4066cc2-1122-4d89-a418-5680c726fabc>

Botamos de menos algunha páxina de experimentos en galego

En canto á recoller a información sobre Cruz Gallástegui , o alumnado utilizou estas páxinas:

<http://www.ragc.gal/es/noticias/dia-da-ciencia-en-galego-cruz-gallastegui-unamuno>

<http://praza.gal/ciencia-e-tecnoloxia/13025/cruz-gallastegui-a-homenaxe-ao-introductor-da-xenetica-vexetal-polo-dia-da-ciencia-en-galego/>

## **6.Implicación da comunidade educativa**

A celebración do día da Ciencia en galego conta coa participación de todo o alumnado do centro en calidade de oíntes e a asistentes aos diferentes relatorios desenvolvidos polos distintos grupos de alumnos e alumnas de 4º de Primaria. A posta en escena das charlas execútase nas dependencias da biblioteca, polo que todo o profesorado colabora para adecuar o espazo á actividade e as idades do alumnado asistente, seguindo na xornada publicitada nos carteis divulgativos a programación horaria asignada. O programa ten en conta os ritmos e grao de atención das diferentes idades adaptándose a eles para garantir o máximo rendemento da actividade.

## **7.Función e participación da biblioteca escolar**

A actividade forma parte do Proxecto anual da biblioteca escolar, que asina á titora de 4º curso a tarefa. É preciso ademais que organice e facilite a provisión de fondos documentais que faciliten a tarefa, así como a distribución do alumnado do centro no Día da ciencia

Moaña 4 de xullo de 2017

A profesora titora de 4º curso e directora do CEIP Quintela



Isabel Vázquez Rosales